

Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**ANUNCIO*

En data 28 de xuño de 2024 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía:

*“RESOLUCIÓN ALCALDÍA**MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

Trala constitución da nova corporación en data 17 de xuño de 2024 para o período 2023-2027 por Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 designouse aos membros da Xunta de Goberno Local.

Como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira Dna. Patricia Iglesias López procede modificar da estrutura organizativa e nomeamentos efectuados respecto aos membros que integrarán a Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 17 de xuño como consecuencia das eleccións locais realizadas o día 28 de maio de 2023 corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRBRL, a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro/a, sendo designado/a a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos correspondentes da normativa anteriormente citada, esta Alcaldía, RESOLVE

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> Ana María Mejías Sacaluga  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D. Ángel Rivas González

SEGUNDO.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 pola que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións neste órgano.

TERCEIRO.- Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

CUARTO.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

QUINTO.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

SGF

Vigo na data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

